

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE SETEMBRO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 16 de setembro de 2009.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a denegación de licenza de parcelamento dun predio matriz sita no núcleo rural tradicional de torre, Parroquia de San Miguel de Orbazai.

Así mesmo acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita na rúa dos Carpinteiros-rúa de nova apertura, parcela 9, cunha superficie de 1.138,27 m² en dúas parcelas coas seguintes superficies: parcela 9-1 cunha superficie de 671,27 m², e parcela 9.2 cunha superficie de 467,00 m², e división de nave con licenza número 563/02, para conformación de dúas naves sobre as parcelas resultantes da segregación; para modificación da licenza de parcelamento número 611/04 e da modificación da licenza número 97/07 de construción de catro vivendas unifamiliares no núcleo rural tradicional de Conturiz-San Amaro, Castro, Parroquia de Santo André de Castro; para demolición de edificación na rúa Pontevedra esquina rúa do Freixo, nº 32-34; para reforma de planta baixa e entresollado de oficina bancaria sita na rúa San Marcos, número 3; para construción de edificio na rúa Oliveira (parcela 2); para instalación de ascensor no inmovible sito na rúa Montevideo, número 4;

para rehabilitación de edificio de vivenda unifamiliar illada sita no núcleo rural tradicional de Outeiro, número 27, Parroquia de San Pedro de Romeán e para legalización de obras no interior da planta alta do dúplex planta 5ª e planta baixo cuberta para uso de vivenda con despacho profesional anexo no edificio con licenzas 649/85, 838/86, 473/92 e 1.336/07, sito na rúa da Raíña número 5.

2. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación definitiva do modificado do proxecto de “Liña de alta tensión 132 KV. E/S Sub. San Cibrao”.

Tamén se acorda a aprobación definitiva do proxecto da “Subestación de San Cibrao 132/20 KV. Lugo”.

ÁREA DE INFRAESTRUTURAS

3. XESTIÓN.- Acórdase o sometemento a información pública do acordo número 19/449, adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de xuño de 2009 no “Proxecto de obras ordinarias e complementarias ás de edificio de 16 vivendas, garaxes e L.C. en rúa Armórica, 47-49-51”.

Do mesmo xeito, acordase a aprobación inicial do proxecto de obras ordinarias de “Supresión de barreiras arquitectónicas nos accesos a parroquial de San Pedro e Museo Provincial”.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo por persoal de Estatística e da aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración dunha furgoneta mixta con destino ós Servizos Electromecánicos do Concello mediante operación de leasing e da apertura do procedemento de contratación.

Así mesmo, acordase a cesión á Xunta de Galicia do predio urbano municipal denominado “Cuartel de San Fernando”.

Acórdase a adxudicación provisional da contratación das obras de accesibilidade no Concello de Lugo fase V.

Acórdase a rectificación do erro material padecido no acordo 8/681, da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día nove de setembro de dous mil nove da contratación das obras de construción dun edificio dotacional destinado a Policía Local e Protección Civil.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación dos convenios de colaboración entre a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) e o Concello de Lugo para desenvolver o programa de bolsas para a formación de licenciados/dipolomados 2009-2010: Servizo de Arqueoloxía.
- Acórdase a concesión de licenza municipal provisional para a apertura dun garaxe aparcadoiro público o aire libre para 73 prazas na rúa do Pomar número 26.

Lugo, 23 de setembro de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Doposo García